

Microeconomic Policy. A New Perspective

CLEM TISDELL / KEIT HARTLEY
Cheltenham: Edward Elgar. 2008
[457 páxinas]

Recibido: 9 de decembro de 2009

Aceptado: 24 de marzo de 2010

A dualidade en economía, como ocorre con outras ciencias como a física, é un feito evidente. Aínda que os defensores da mecánica cuántica baten en moitas ocasións coas conclusións dos teóricos da relatividade, en economía parece existir un debate similar entre a microeconomía e a macroeconomía. O estudo do comportamento a nivel individual fronte ao estudo do comportamento da economía a nivel agregado. E non é algo trivial o tipo de aproximación aos problemas económicos que adoptemos; en moitas ocasións determinará as conclusións da nosa análise. Logo da Segunda Guerra Mundial, na maioría das economías capitalistas a macroeconomía parecía ter gañado a batalla, cando menos polo que respecta ao ámbito das políticas públicas. Moito tivo que ver o auxe e o éxito conseguido polas políticas keynesianas. Porén, os problemas de estanflación acaecidos nos anos setenta do pasado século levaron ao mundo a reformularse a forma de facer política económica.

Neste libro os autores, de recoñecido prestixio internacional no seu campo de coñecemento, realizan unha ampla revisión dun libro anterior: *Microeconomic Policy*, publicado na década dos anos oitenta, co obxectivo de actualizar os mecanismos microeconómicos que poden terse en conta no deseño de políticas económicas, integrando aspectos actuais como a globalización, os conflitos bélicos de Afganistán ou de Iraq, o espectacular crecemento da China e da India ou o quentamento global. O obxectivo é propoñer unha serie de ferramentas desde a microeconomía ao servizo das políticas públicas, e para iso téñense en conta novas aproximacións na teoría económica como a economía do comportamento ou a economía evolucionista.

A obra estrutúrase en seis apartados, cada un dos cales se divide en capítulos (hai un total de dezasete capítulos), precedidos por un prefacio (da nova edición e da obra anterior) e finalizados cun índice conceptual. Desta maneira, ao longo do libro pásase dunha análise en profundidade da metodoloxía da política microeconómica ao estudo das súas aplicacións globais, pasando por unha revisión teórica dos modelos e ferramentas microeconómicas que existen na actualidade.

Na primeira parte –*The Methodology of Microeconomic Policy*– os autores analizan o alcance da microeconomía, a controversia que existe en relación coa metodoloxía das políticas microeconómicas, as razóns que motivan a necesidade dos Gobernos deste tipo de política económica e a relevancia destas sobre a administración de empresas. Ademais, introdúcense as diferentes perspectivas microeconómi-

cas que existen na actualidade, así como as aplicacións destas no ámbito privado.

A segunda parte –*Demand, Supply, Markets and Policy*– introduce ao lector, dunha maneira clara e intuitiva, baseándose no método gráfico, no estudo teórico dos mercados competitivos e nas razóns que xustifican a intervención estatal na regulación de prezos (expoñéndose exemplos do mercado de produtos, de factores, de divisas e das transaccións comerciais internacionais). Posteriormente, afóndase nos fundamentos microeconómicos do consumo e da teoría da demanda, cunha vocación marcadamente práctica e prescritiva. Finaliza a segunda parte cun capítulo dedicado á oferta, aos custos e á súa relación coa política microeconómica.

En *Imperfect Markets* fálase do comportamento das empresas desde diversas perspectivas (introducindo modelos alternativos de comportamento empresarial) e as súas relacións cos aspectos políticos, especialmente coa política industrial. Feito isto, pásase a falar de problemas de competencia imperfecta como o monopolio ou o oligopolio e as súas implicacións no tocante á regulación estatal e ao deseño de políticas públicas. O último capítulo deste apartado recolle o debate que existe en canto á propiedade (pública ou privada) das empresas.

A cuarta parte –*Factor Markets and Policy*– céntrase no estudo dos mercados de factores, prestándolle especial atención ao mercado do factor traballo. Desta maneira, cobra especial relevancia a análise da teoría do capital humano e as súas implicacións políticas, así como a temática relativa aos sindicatos (asunto para o cal os autores reservan o capítulo décimo terceiro na súa totalidade).

En *Public Choice*, os autores introducen conceptos da teoría da elección pública, falando de modelos económicos para analizar asuntos políticos, os problemas da burocracia, o debate sobre o tamaño óptimo do sector público e a falta de eficiencia, segundo os autores, de certas actividades públicas.

Pola súa parte, o último apartado da obra –*Global Applications*– inclúe dous capítulos. O primeiro deles refírese a cuestións ambientais e á dispoñibilidade de recursos naturais (introducindo unha perspectiva macroeconómica e a relación co crecemento económico), e o segundo está dedicado á análise das políticas de defensa e desarme, centrándose no problema do terrorismo. Desta maneira, móstrase como a teoría económica pode ser aplicada ao sector de defensa de forma exitosa, segundo os autores.

Para finalizar, aínda que conviría advertir que ás veces no libro non se tratan adecuadamente os aspectos positivos e normativos (tratando como positivas certas cuestións cargadas axioloxicamente de maneira evidente), pola enorme importancia para a praxe política das ferramentas microeconómicas propostas, polo enfoque anovador de certas aproximacións teóricas formuladas e pola linguaxe clara e didáctica utilizada, a obra resulta, malia as apreciacións realizadas, unha boa elección para aqueles investigadores e *policy makers* interesados en ampliar os seus coñecementos microeconómicos básicos.

MARCO ANTONIO CRUZ MORATO
Universidade de Málaga